

axenda



---

tomiño **outono** 2019

outubro | novembro | decembro | xaneiro  
cultura | mocidade | deporte | voluntariado | eurocidade



tomiño  
2019

● **cultura**  
● O Nadal!

**mocidade**  
**deporte**  
**voluntariado**  
**eurocidade**

● ou  
● tu  
bro

— outubro



**04/10**

**venres**

ata 13 de decembro



mocidade

## Curso de cociña vegana

(18 horas)

Venres de 19.00 a 21.00 h

A partir de 12 anos

Mercado Municipal de Tomiño

Inscrición: 25 €

A través deste curso, a mocidade asistente recibirá información e formación teórica e práctica sobre cociña vegana e saudable. Durante os dous meses de curso aprenderán a realizar almozos vexetais, ensaladas diferentes, arroces, guisos de legumes, croquetas caseiras e biscoito.



**05/10**

**sábado**

ata 28 de decembro



mocidade

## Curso de danzas urbanas - Hip-Hop

(24 horas)

Sábados de 11.00 a 13.00 h

A partir de 12 anos

Casa da Salgosa

Inscrición: 20 €

Estas clases achegarán ás persoas asistentes ao mundo das danzas urbanas adquirindo ferramentas, técnicas, vocabulario e formas de movemento que lles permitan coñecer este estilo e adaptalo ao seu corpo. Unha actividade con beneficios físicos, como o traballo de forza e o control disociativo, pero tamén con moitos beneficios emocionais, xa que afonda na creatividade, na expresión e na procura do «eu».

outubro

cultura



## «#Camiños»

de Butaca Zero

Ás 22.00 h

Público adulto

Auditorio de Goián

Prezo: 3 €

(venta de entradas 1 h  
antes en taquilla)

A compañía teatral Butaca Zero chega a Tomiño con «#Camiños», un espectáculo que afonda na identidade galega cunha mestura de tradición e modernidade nunha peza de teatro moi físico na que a música folk convive coa electrónica, as bicicletas de *spinning* coas letras de Castelao, Rosalía ou Manuel María e onde os *selfies* conviven cos sachos. Un aluvión escénico que non deixará indiferente aos espectadores.

— outubro



**08/10** ● ●  
martes  
e mércores 09

voluntariado

## Creación do vídeo mulleres rurais

De 09.00 a 14.00 h  
A partir de 16 anos  
Máis información  
na OMIX

Creación dun vídeo a partires de pequenas entrevistas que se realizarán a distintas mulleres do municipio para escoitar de primeira man a súa perspectiva sobre a realidade das mulleres no rural e visibilizar as súas opinións.



**11/10** ● ●  
venres  
ata 25 de outubro

cultura


## Exposición «O agro no Baixo Miño: cultivando o presente e o futuro da comarca»

Todos os públicos  
Mercado Municipal  
de Tomiño  
(primeiro andar)  
De balde

A Asociación de Cultivos do Baixo Miño, acuBam, trae a Tomiño a exposición «O agro no Baixo Miño: cultivando o presente e o futuro da comarca», facendo unha homenaxe a un sector que é o motor económico da comarca, cun tecido empresarial que se asenta aquí e un nicho de oportunidades para un futuro esperanzador nun sector innovador e modelo de produción sostible ambiental e social.

outubro ■

voluntariado



**12/10** ●  
sábado ●

## Xornada de retirada de plantas invasoras

De 09.00 a 14.00 h  
A partir de 12 anos  
Punto de encontro  
na Praza do Seixo  
Máis información  
na OMIX

Coa colaboración da asociación A Jalleira, referente na contorna pola súa labor medioambiental, as persoas participantes nesta xornada coñecerán e recoñecerán as plantas invasoras máis destacables do municipio e procederán á súa retirada.

cultura



**13/10** ●  
domingo ●

## Concerto de Outono da Coral Polifónica de Tomiño

Ás 17.00 h  
Todos os públicos  
Auditorio de Goián  
De balde

A Coral Polifónica de Tomiño sorprenderá no Auditorio de Goián co seu Concerto de Outono.



— outubro

cultura



**13/10** ● ●  
domingo ● ●

## «Contos con Roque»

de Baobab Teatro


Ás 17.00 h

Todos os públicos

Mercado Municipal  
de Tomiño

De balde

Baobab Teatro sorprende con este espectáculo de contos para toda a familia no que Roque e Andrea son os protagonistas. Roque está moi nervioso porque é a primeira vez que vai viaxar en tren e Andrea échelle a maleta de contos e doutros obxectos para tentar facerlle a viaxe máis agradable. E, mentres agarda por el, irá ensaiando os contos que lle vai contar polo camiño...



outubro

cultura



## «Commedia» de Contraproducións

Ás 22.00 h

Público adulto

Auditorio de Goián

Prezo: 3 €

(venta de entradas 1 h  
antes en taquilla)

Arlecchino atopa unha carta de amor no mandil da súa muller e, aínda que non era para ela, pensa que o está enganando. Desesperado, quere matarse. Pero unha voz misteriosa que xurde de ningures deteno e dálle un anel máxico que fai perder a memoria a quen o leva posto. Ese é o argumento do espectáculo teatral que Contraproducións trae a Tomiño, no que xoga criticamente cos manidos tópicos do amor romántico e os riscos da sinceridade indiscriminada.

— outubro



**27/10** ● ●  
domingo

eurocidade

## Deporte e amizade

De 09.00 a 13.00 h  
(hora portuguesa)  
Todos os públicos  
Parque de Lazer  
do Castelinho. Vila  
Nova de Cerveira  
De balde

O programa Deporte para todas as persoas da Axenda de Cooperación Transfronteiriza da Eurocidade Cerveira-Tomiño remata con este evento que se celebrará no Parque de Lazer do Castelinho.

Inscripcións: Ata o 24 de outubro  
[geral.manos.sa@gmail.com](mailto:geral.manos.sa@gmail.com)



**27/10** ● ●  
domingo


cultura

## «Baila, Roque, baila» de Baobab Teatro

Ás 17.00 h  
Todos os públicos  
Mercado Municipal  
de Tomiño  
De balde

O Mercado Municipal de Tomiño acolle «Baila, Roque, baila», un espectáculo de teatro e contos dinámico, divertido e participativo onde os contos e os bailes teñen cabida e onde a actriz Andrea Bayer estará acompañada dun simpático personaxe, Roque, que fará rir, bailar e soñar ao público asistente.

● no  
● vem  
bro



**02/11** ●  
sábado ●

cultura

## «Anatomía dunha serea»

de Chévere

Ás 22.00 h

Público adulto

Auditorio de Goián

Prezo: 3 €

(venta de entradas 1 h  
antes en taquilla)

«Anatomía dunha serea» é unha peza de teatro documental construída sobre a memoria e a experiencia persoal da actriz Iria Pinheiro como muller, nai e vítima da violencia obstétrica. Unha obra autobiográfica e con carácter testemuñal coa voz en primeira persoa da actriz sobre os acontecementos que viviu.



**03/11** ●  
domingo ●

cultura

## «Contos do recreo»

de Redrum Teatro

Ás 17.00 h

Todos os públicos

Auditorio de Goián

Prezo: 3 € persoas  
adultas. 2 € nenos/  
as menores de 14  
anos

(venta de entradas 1 h  
antes en taquilla)

Redrum Teatro chega a Tomiño con Alicia, unha nena que disfruta mofándose das súas compañeiras. No recreo previo ao exame máis importante do curso aparece nun lugar máxico habitado por Xacobe. Alicia terá que superar varias probas para poder saír de alí e chegar ao exame.

novembro

cultura



09/11 ●  
sábado ●

## «Chola a It Girl»

de Artesacía

Ás 22.00 h

Público adulto

Auditorio de Goián

Prezo: 3 €

(venta de entradas 1 h  
antes en taquilla)

A compañía de teatro Artesacía sube ao escenario do Auditorio de Goián a Chola, mecánica de coches, blogger e youtuber galega contratada por un teatro para presentar o seu monólogo ao máis puro estilo de show escénico youtuber. A través da presenza do seu coche transmitirá con exemplos prácticos estratexias para poder descubrir quen somos, que nos gusta, que nos divirte... e, sobre todo, saber recoñecer de onde vimos.

cultura



16/11 ●  
sábado ●

## «Loló e mamá»

de Destexeito Producións

Ás 22.00 h

Público adulto

Auditorio de Goián

Prezo: 3 €

(venta de entradas 1 h  
antes en taquilla)

Esta é a historia de Margot, a nai de Loló, que queda no paro e decide instalarse na casa da súa filla, a un océano de distancia. Pero o que parecía unha idea xenial que axudaría a xuntar a unha familia desestruturada dende sempre, axiña se transforma en desastre.



**17/11** ●  
domingo ●

## «Nómades»

de Xarope Tulú

Ás 17.00 h

Todos os públicos  
Auditorio de Goián

Prezo: 3 € persoas  
adultas. 2 € nenos/  
as menores de 14  
anos

(venta de entradas 1 h  
antes en taquilla)

Un espectáculo de carácter visual no que o movemento, a música e a palabra convidan ao público a viaxar por paisaxes singulares. Somos nómades, transitamos sen morada nin corpo fixo. Habitamos a beleza do diverso, esa beleza que dá cor aos outros corpos e facilita a aparición de novas tonalidades, texturas e xeitos de vivir. Onde non existe un corpo equivocado, onde é posible imaxinar ás persoas en abstracto.



**23/11** ●  
sábado ●

## Concerto de Santa Icíá da Agrupación Musical de Goián

Ás 20.00 h

Todos os públicos  
Auditorio de Goián  
De balde

Tradicional concerto de Santa Icíá da Agrupación Musical de Goián, que cada ano sorprende ao público coa súa posta en escena. Durante o concerto presentáranse ás e aos novos músicos que, tras anos de formación na escola de música e na banda xuvenil, pasan a formar parte da Agrupación Musical de Goián.

novembro

cultura



## «Invisibles»

de Redrum Producións

Ás 17.00 h

Público adulto

Auditorio de Goián

De balde

A programación cultural da Deputación de Pontevedra recala en Tomiño con «Invisibles», un espectáculo no que Redrum Producións presenta historias reais de mulleres galegas vítimas de maltrato unidas polo fío común da violencia de xénero. Unha reflexión sobre o perfil das mulleres que sofren e sufriron esta lacra e sobre a invisibilidade dos agresores fronte á exposición delas na sociedade.



● de  
● cem  
bro

— cultura

# — Ò Nadal!

— decembro

- **15/12 domingo**
- Concerto de Nadal da Coral Polifónica de Tomiño

**21/12 sábado**  
Festival de Nadal Virxe do Alivio

**22/12 domingo**  
Carreira de Nadal  
Concerto de Nadal da Asociación Musical de Goián

**26/12 xoves** ata venres 27  
O Nadal no Mercado: Obradoiros para nenos/as

**28/12 sábado**  
O Nadal no Mercado: «Contos do Animalario»

**29/12 domingo**  
«Os Fabulosos Cleaners» (Prezo: 3 €)

— xaneiro

- **02/01 xoves** ata venres 03
- Inchables

**04/01 sábado**  
«Mai-mai» (Prezo: 3 €)

**05/01 domingo**  
Cabalgata de Reis

Todos  
os públicos  
De balde

decembro

cultura



Ó Nadal!

**15/12** ●●  
domingo ●●

## Concerto de Nadal da Coral Polifónica de Tomiño

Ás 18.00 h  
Todos os públicos  
Auditorio de Goián  
De balde

A Coral Polifónica de Tomiño será a encargada de dar comezo á programación de Nadal con un concerto no Auditorio de Goián.



decembro

cultura



Ó Nadal!

**21/12** ●  
sábado ●

## Festival de Nadal Virxe do Alivio

Ás 20.00 h

Todos os públicos

Auditorio de Goián

De balde

deporte



Ó Nadal!

**22/12** ●  
domingo ●

## Carreira de Nadal

Todos os públicos

Carreira popular de Nadal organizada polo Club Atletismo Trega en colaboración co Concello de Tomiño.

decembro

cultura

—  
O Nadal!  
—



**22/12** ● ●  
domingo

## Concerto de Nadal da Agrupación Musical de Goián

Ás 18.00 h  
Todos os públicos  
Auditorio de Goián  
De balde

Derradeiro concerto do ano da agrupación e un dos máis especiais, xa que participa boa parte do alumnado da Escola de Música, dende os máis pequenos e pequenas do xardín musical ou de música e movemento, ata a banda infantil e a Agrupación Musical de Goián.

decembro

cultura

O Nadal!

xoves  
26/12  
a  
sábado  
28/12

O  
Nadal  
no  
Mercado



**26/12** ●  
**xoves** ●  
e venres 27

## O Nadal no Mercado: Obradoiros para nenos/as

de Migallas Teatro

De 17.00 a 19.00 h  
Nenos/as a partir  
de 3 anos  
Mercado Municipal  
de Tomiño  
De balde

Os nenos e nenas de Tomiño desfrutarán do Nadal no Mercado con obradoiros e actividades a cargo de Migallas Teatro.



**28/12** ●  
**domingo** ●

## O Nadal no Mercado: «Contos do animalario»

de Daboapipa

Ás 17.00 h  
Todos os públicos  
Mercado Municipal  
de Tomiño  
De balde

Un espectáculo para toda a familia con música en directo e palabra unidas para crear un universo máxico. Unha viaxe polos montes, prados e camiños máis verdes que poidamos ver, chea de encontros cos animais máis maravillosos e estranos.

decembro

cultura



Ó Nada!

**29/12** ●  
domingo ●

## «Os Fabulosos Cleaners»

de Malasombra Producións

Ás 17.00 h

Todos os públicos  
Auditorio de Goián

Prezo: 3 € persoas  
adultas. 2 € nenos/  
as menores de 14  
anos

(venta de entradas 1 h  
antes en taquilla)

Un espectáculo de pompas de xabón no que dous operarios da limpeza do teatro descubren por casualidade as posibilidades que lles ofrecen as súas ferramentas de traballo combinadas con auga e xabón. A partir de aí, os personaxes emprenderán unha excitante viaxe conducidos polas fantásticas burbullas.





● xa  
● nei  
ro

xaneiro

cultura



Ó Nadal!

02/01

xoves  
e venres 03

## Inchables

De 16.00 a 20.00 h  
Todos os públicos  
Praza do Seixo  
De balde

Un ano máis a Praza do Seixo converterase nun dos centros do Nadal en Tomiño cunha carpa na que as nenas e nenos poderán desfrutar de inchables, pintacaras, obradoiros e moitas máis actividades.

cultura



Ó Nadal!

04/01

sábado

## «Mai-Mai»

de Baobab Teatro

Ás 17.00 h  
Todos os públicos  
Auditorio de Goián  
Prezo: 3 € persoas  
adultas. 2 € nenos/  
as menores de 14  
anos  
(venta de entradas 1 h  
antes en taquilla)

Baobab Teatro enche de tenrura e loita o Nadal de Tomiño coa historia do último oso panda do planeta e a súa loita por sobrevivir. A falta de comida e os problemas ocasionados polo esquecemento global fan difícil a supervivencia desta especie, pero unha muller emprendedora e un fotógrafo inician unha viaxe para atopar ao último panda do planeta.

# Ó Nadal!



05/01 ●  
domingo ●

## Cabalgata de Reis

A partir das 16.30 h  
Todos os públicos  
Saída dende  
O Alivio  
De balde

Como cada ano, a tradicional Cabalgata de Reis percorrerá as rúas de Tomiño para facer as delicias de todos os nenos e nenas que se acheguen a gozar dunhas horas de música e cor. A cabalgata sairá do Alivio e transcorrerá polas rúas do centro rumbo á Praza do Seixo, onde rematará o desfile e se celebrará a recepción dos cativos e cativas aos Reis Magos. Ademais, ao final do percorrido haberá reparto de agasallos e sorteo de premios.



**axenda**tomiño  
**outono**2019

● **pro**      **por**  
● **gra**  
**ma**      **á**  
**ción**      **reas**

# cultura

---

## outubro

**05/10** sábado  
«#Camiños»

**11/10** venres ata 25 de outubro  
Exposición «O agro no Baixo Miño: cultivando o presente e o futuro da comarca»

**13/10** domingo  
Concerto de Outono da Coral Polifónica de Tomiño

**13/10** domingo  
«Contos con Roque»

**19/10** sábado  
«Commedia»

**27/10** domingo  
«Baila, Roque, baila»

## novembro

**02/11** sábado  
«Anatomía dunha serea»

**03/11** domingo  
«Contos do recreo»

**09/11** sábado  
«Chola a *It Girl*»

**16/11** sábado  
«Loló e mamá»

**17/11** domingo  
«Nómades»

**23/11** sábado  
Concerto de Santa Icída da Agrupación Musical de Goián

**24/11** domingo  
«Invisibles»

## decembro

**15/12** domingo  
Concerto de Nadal da Coral Polifónica de Tomiño [O Nadal!](#)

**21/12** sábado  
Festival de Nadal Virxe do Alivio [O Nadal!](#)

**22/12** domingo  
Concerto de Nadal da Agrupación Musical de Goián [O Nadal!](#)

**26/12** xoves ata venres 27  
O Nadal no Mercado:  
Obradoiros para nenos/as [O Nadal!](#)

**28/12** sábado  
O Nadal no Mercado:  
«Contos do animalario» [O Nadal!](#)

**29/12** domingo  
«Os Fabulosos Cleaners» [O Nadal!](#)

## xaneiro

**02/01** xoves ata venres 03  
Inchables [O Nadal!](#)

**04/01** sábado  
«Mai-Mai» [O Nadal!](#)

**05/01** domingo  
Cabalgata de Reis [O Nadal!](#)



Inscripcións:

[www.tomino.gal](http://www.tomino.gal)

✉ [omix@tomino.gal](mailto:omix@tomino.gal)

☎ +34 986 622 001

Praza do Seixo, 1  
36740 Tomiño

—  
—  
Distribución gratuíta  
Poden existir alteracións da  
programación e calendario  
desta axenda